

ÁREA DE RECURSOS HUMANOS  
E FORMACIÓN

INFORME

Expte- 30808/220

En data 16/04/2018, o Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal ordea que pola Area de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación de expediente administrativo tendente á elaboración, no contexto do marco legal vixente, do borrador técnico de proxecto de Capítulo I de gastos en materia de persoal, que deberá incluír os informes técnicos necesarios, xunto con aqueles procedentes, aos efectos da súa remisión á unidade responsable da formación do Proxecto de Orzamentos Municipais para o exercicio 2018.

De acordo coas directrices proporcionadas pola Concellería-delegada da Area de Xestión Municipal e, visto o artigo 172.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, do ROF, elabórase informe técnico no que se recolle o importe do Capítulo I de Gastos para o vindeiro ano 2019, que ascende a un total de 67.882.697,30€ o que supón un incremento de 2.111.913,92€, respecto do mesmo capítulo do orzamento do ano 2018, incrementado no 3,25% (0,75% a maiores do 1% aprobación do Orzamento correspondente ao ano 2018, mais o incremento dun 2,50% para o vindeiro ano 2019)) da masa retributiva previsto na Ley 6/2018, do 3 de xullo de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

En relación co dito borrador cumpre informar o seguinte:

1.- Contémplase un crédito inicial de 578.742,75€ na aplicación orzamentaria 92001400000. O gasto da referida partida ven experimentando un importante incremento ano tras ano, dado o elevado número de vacantes existentes, o que fai imprescindible o nomeamento de persoal interino por acumulación de tarefas ou por programas, a fin de garantir a correcta prestación dos servizos públicos.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, dada Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

Aínda que o nomeamento de persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal–realízase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados no Acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/06/2014, anteriormente citado, como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, debido ao elevado número de vacantes existentes, o importe do gasto realizado na aplicación orzamentaria 920.0.1400000 “outras modalidades persoal temporal non permanente” vense incrementando ano tras ano.

Amáis, a data de hoxe xa existe gasto aprobado para o ano 2019 con cargo a dita aplicación orzamentaria por importe de 937.017,75€, correspondente a nomeamentos interinos por acumulación de tarefas que finalizan o vindeiro ano e nomeamentos interinos por programas dacordo co artigo 10, apartado 1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Dita aplicación dótase cunha contía inicial para dar cobertura al menos ao devengo de dous meses, xa que no transcurso dese prazo, as 306 prazas vacantes no Cadro de Persoal das 1431 existentes, xeran un excedente mensual de 786.549,93€, cantidade que verase reducida en función das execución das ofertas de emprego pendentes de executar e, que será utilizable como recursos para a tramitación das preceptivas modificacións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 10/10/2018 13:27	Páxina 1 de 4
Expediente 31808/220	CSV: 24EA5B-4D362D-BF3357-6QXSMA-PH2LEU-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

orxamentarias para complementar esta aplicación e dótala de recursos necesarios e suficientes para dar cobertura ás necesidades que xeran os acordos adoptados.

### 2.- Aplicación 920.0.1410000

En relación coa partida 920.0.1410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais", propónse un crédito inicial de 72.000,00 €, tendose realizado ata a data pagos por importe de 163.558,56 €

### 3.- Aplicación 920.0.1430001

En canto á aplicación 920.0.1430001, cunha dotación inicial no orzamento do ano 2019 de 500.000,00, considérase que o crédito é inicialmente suficiente, xa que un número importante de prazas que figuran nas Ofertas de Emprego Público en tramitación e execución, afectan a traballadores/as que teñen a condición de relación laboral indefinida non fixa, polo que, a partires da toma de posesión, comenzarán a devengar a súas retribucións con cargo ao posto que se adscriba en función da praza que está prevista na oferta, non sendo imputable o gasto a aplicación 920.0.1430001.

### 4.- Aplicación 920.0.1500000

No anteproxecto de orzamento 2019, o crédito inicial da partida 920.0.1500000 establécese nun importe de 400.000,00 €.

Con cargo a dita partida estímase un gasto polo aboamento dos complementos de produtividade contemplados nas instrucións de plantilla de 120.000,00€ anuais, así como o correspondente as encomendas de funcións, cantidade que suporía aprox 100.000,00€, no caso de considerarse a necesidade de realizalas.

Por outra banda, é necesario ter en conta que o gasto imputable a aplicación orxamentaria 920.0.150.0000-Produtividade inclúe as xornadas autorizadas dentro dos programas de dispoñibilidade así como outras produtividades aboadas a persoal de distintos servizos (extinción de incendios, policía local, cemiterios, laboratorio municipal) polo especial rendemento e interese demostrado.

Ata a data autorizouse un gasto total de 1.830.905,74€

### 5.- Aplicación 920.0.151.00.00

O crédito inicial proposto para dita partida no anteproxecto de Capitulo I de gastos do Orzamento 2018 é de 400.000,00€.

O gasto autorizado ata ascende a 1.688.278,30 €, estimándose un gasto total superior aos 2.000.000,00€ para o ano 2018

A evolución do gasto dos derradeiros anos é a seguinte :

Ano	Importe
2011	1.825.167,07
2012	1.460.875,30
2013	1.472.177,68



## ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

Ano	Importe
2014	1.448.358,36
2015	1.478.786,31
2016	1.727.906,07
2017	1.688.278,30
2018	1.688.278,30 *ata a data

6.- Respecto da partida de Seguridade Social a cargo da empresa, cun crédito inicial fixado na cantidade de 14.509.734,78 € que engloba o custo dos seguros sociais dos postos da vixente R.P.T., do Plan de Emprego Municipal, programa DUSI así como a dos membros da corporación con dedicación exclusiva e parcial, faise constar que a mesma recolle o custe das cotizacións dos empregados polas súas retribucións fixas (soldo inicial e antigüidade e o importe do complemento de destino e específico), así como a achega municipal ao plan de pensións, descoñecendo neste intre as posibles variacións que se podan incluír na Lei de Orzamentos xerais do Estado para o vindeiro ano.

Calquera outra retribución devengada (gratificacións, produtividade, nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, etc) terá a súa repercusión na súa base de cotización e conseguintemente no custe de seguridade social.

Lémbrese que este Concello está acollido ó Sistema de Relación Contable, o que implica o ingreso dunha contía fixa mensual.

Tendo en conta o número de postos vacantes que ascende a 306, das que un total de 167 prazas están incluídas nas Ofertas de Emprego publico en execución, as aplicacións orzamentarias anteriores cun gasto posiblemente maior ao presupostado inicialmente, terían a cobertura orzamentaria necesaria, mediante as pertinentes modificacións de créditos coa baixa dos créditos non consumidos dos postos vacantes non asociados a ningunha oferta, sen prexuízo da posibilidade de racionalización do orzamento mediante a amortización das prazas non necesarias e o incremento de ditos créditos nas aplicacións deficitarias.

De todos os xeitos deberían terse en conta as seguintes observacións:

- Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.
- O cumprimento rigoroso dos procedementos legais de contratación de persoal establecidos que garanta a seguridade xurídica do Concello e evite prexuízos posteriores nas arcas municipais xa que nos atopamos cunha sucesión de sentencias xudiciais desfavorables en materia laboral que supoñen ter que facer fronte a indemnizacións ou a incrementos do Cadro de Persoal Municipal.
- A necesidade de realización dun exercicio de responsabilidade por parte de tódolos integrantes da organización municipal co obxectivo de optimizar ao máximo os recursos humanos existentes.



ÁREA DE RECURSOS HUMANOS  
E FORMACIÓN

- A adopción de medidas de racionalización, reestruturación e optimización de recursos humanos nos diferentes departamentos e servizos, baseándose en criterios de eficacia e eficiencia, realizando un correcto aproveitamento dos mesmos que supoña un aforro e unha optimización do persoal, valorando o capital de coñecementos da estrutura e utilizándoos para un bo funcionamento da Institución pública, en resumo o aproveitamento dos coñecementos do Cadro de Persoal en beneficio das arcas municipais.
- A adopción de medidas de redución do gasto imputable a partida de produtividade. A dotación inicial da mesma, posibilita afronta-los gastos ocasionados por aquelas situacións habituais contempladas nas vixentes instrucións do Cadro de Persoal. Calquera outra proposta con gasto imputable a dita partida deberá ser analizada, informada e proposta ao órgano competente para resolver pola Area de Recursos Humanos e Formación, centro xestor do gasto.
- Proponse a revisión dos criterios en canto a autorización de exceso de xornada ao persoal dos servizos municipais ao obxecto de reducir o gasto por este concepto e estes se fagan extensibles ao persoal dos Servizos da Policía Local e Extinción de Incendios.
- Así mesmo, recoméndase que por parte da Concellería de Xestión municipal se diten as oportunas instrucións para que por parte das xefaturas dos servizos se realicen os axustes necesarios en canto a do persoal, reparto de tarefas, distribucións de quendas nos e cantas medidas sexa posible aplicar aos efectos de eliminar ou reducir o máximo posible os gastos imputables a estas partidas orzamentarias (encomendas de funcións, gratificacións por servizos extraordinarios, programas de dispoñibilidade, etc).

En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430000, 9200.1500000, 9200.1510000, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento.

EFC/SEI

Vigo, data de sinatura electronica

A TÉCNICA DE AVALIACIÓN E FORMACIÓN DE RR.HH.- Sonia Estrada Ibáñez  
O TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E FORMACIÓN DE RR.HH.- Ezequiel Fernández Carpintero

